

XEOGRAFÍA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixiadas as 2 primeiras respondidas**. / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un MÁXIMO DE 2, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia / Defina 10 de los 15 términos propuestos, indicando ejemplos de España o Galicia: (5 puntos, 0,5 puntos por definición)

1. Agricultura ecolóxica (*agricultura ecológica*), 2. Paisaxe (*paisaje*), 3. Efecto invernadoiro antrópico (*efecto invernadero antrópico*), 4. Ría, 5. Franquía (*franquicia*), 6. Provincia, 7. Balanza comercial, 8. Materias primas estratéxicas (*materias primas estratégicas*), 9. Aluvión, 10. Cunca fluvial (*cuenca fluvial*), 11. Vexetación clímax (*vegetación clímax*), 12. Aridez, 13. Silvicultura, 14. Maquis, 15. Estatuto de autonomía.

PREGUNTA 2 Desenvolva un dos dous temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:

2.1. Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares (da era arcaica ao glaciario cuaternario) / Formación y evolución geomorfológica de la Península Ibérica y de las Islas Canarias y Baleares (de la era arcaica al glaciario cuaternario). (5 puntos)

2.2. Transformacións recentes na estrutura das cidades. a) Cidade difusa. b) Os cambios no centro urbano (degradación vs rehabilitación). c) Cambios de uso no solo urbano. / Transformaciones recientes en la estructura de las ciudades. a) Ciudad difusa. b) Los cambios en el centro urbano (degradación vs rehabilitación). c) Cambios de uso en el suelo urbano. (5 puntos)

PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico:




Figura 1

Atendendo ás figuras 1 e 2: a) Identifique na figura 1 as Comunidades Autónomas ás que pertencen as provincias cunha porcentaxe de estranxeiros superior ao 16%. **(1 punto)**; b) Indique os tipos de documento das figuras 1 e 2 e analice a información recollida neles **(1 punto)**; c) Explique de forma razoada as diferenzas na estrutura demográfica á que responde cada pirámide representada na figura 2. **(1,5 puntos)**; d) Xustifique as consecuencias do modelo demográfico da pirámide máis recente. **(1,5 puntos)**.

Atendiendo a las figuras 1 y 2: a) Identifique en la figura 1 las Comunidades Autónomas a las que pertenecen las provincias con un porcentaje de extranjeros superior al 16 %. (1 punto); b) Indique los tipos de documento de las

figuras 1 y 2 y analice la información recogida en ellos. **(1 punto)**; c) Explique de forma razonada las diferencias en la estructura demográfica a la que corresponde cada pirámide representada en la figura 2. **(1,5 puntos)**; d) Justifique las consecuencias del modelo demográfico de la pirámide más reciente. **(1,5 puntos)**.




Figura 2

PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico:

Atendiendo ás figuras 3 e 4: a) Localice as provincias numeradas do 1 ao 4 (figura 4), indicando cales están en alta e cales están en baixa presión. **(1 punto)**; b) Identifique os tipos de documento e analice a información presentada nas figuras 3 e 4. **(1 punto)**; c) Indique as masas de aire e ventos dominantes no noroeste peninsular. **(1 punto)**; d) Explique a previsión meteorolóxica que cabe esperar nas comunidades de Galicia e de Canarias, significando as diferenzas de temperatura, humidade e precipitación **(1 punto)**. e) Xustifique por que este tipo de tempo e a chegada de frentes é tan frecuente na Península Ibérica. **(1 punto)**.

Atendiendo a las figuras 3 y 4: a) Localice las provincias numeradas del 1 al 4 (figura 4), indicando cuáles están en alta y cuáles están en baja presión. **(1 punto)**; b) Identifique los tipos de documento y analice la información presentada en las figuras 3 y 4. **(1 punto)**; c) Indique las masas de aire y vientos dominantes en el noroeste peninsular **(1 punto)**; d) Explique la previsión meteorológica que cabe esperar en las comunidades de Galicia y de Canarias, significando las diferencias de temperatura, humedad y precipitación **(1 punto)**. e) Justifique por qué este tipo de tiempo y la llegada de frentes es tan frecuente en la Península Ibérica. **(1 punto)**.




Figura 3



Figura 4.-Fonte: Elaboración propia.

XEOGRAFÍA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un MÁXIMO DE 2, combinadas como quiera.*

PREGUNTA 1. Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia / Defina 10 de los 15 términos propuestos, indicando ejemplos de España o Galicia: (5 puntos, 0,5 puntos por definición)

1. Isohietra (*Isoyeta*), 2. Área metropolitana, 3. Laurisilva, 4. Municipio, 5. Avesedo (*umbria*), 6. Agricultura ecolóxica (*agricultura ecológica*), 7. Inversión Térmica, 8. Parque tecnolóxico (*parque tecnológico*), 9. Tectónica de placas, 10.- Acuicultura, 11. Aluvián, 12. Denominación de orixe (*Denominación de origen*), 13. Ría, 14. Movementos antiglobalización (*movimientos antiglobalización*), 15. Subcontratación.

PREGUNTA 2 Desenvolva un dos temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:

2.1. Repercusións ambientais da acción humana. a) Contaminación. b) Quecemento global. c) Pegada ecolóxica. / Repercusiones ambientales de la acción humana. a) Contaminación. b) Calentamiento global. c) Huella ecológica. (5 puntos)

2.2. Dinámicas demográficas actuais. a) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación. b) movementos migratorios (1990 á actualidade). / Dinámicas demográficas actuales. a) Desequilibrios territoriales en el movimiento natural de la población. b) movimientos migratorios (1990 a la actualidad). (5 puntos)

PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico:



Figura 1: Áreas turísticas - Fonte: Editorial Anaya



Figura 2: Calpe (Alicante) / Fonte: es.wikipedia.org/wiki/Calpe

Atendendo ás figuras 1 e 2, conteste: a) Cite as cinco Comunidades Autónomas peninsulares que teñen áreas turísticas de alta densidade e nomee cinco tipos de turismo que teñen importancia en España (figura 1). **(1 punto)**; b) Identifique os tipos de documentos e describa a información presentada nas figuras 1 e 2 **(1 punto)**; c) Comente a figura 2, analizando a súa posible localización, os elementos naturais e/ou humanos e características deste espazo relacionándoos co tipo de actividade dominante. **(1,5 puntos)**; d) Explique brevemente os principais problemas que presenta a actividade económica dominante na paisaxe da figura 2 **(1,5 puntos)**.

Atendiendo a las figuras 1 y 2, conteste: a) Cite las cinco Comunidades Autónomas peninsulares que tienen áreas turísticas de alta densidad e indique cinco tipos de turismo que tienen importancia en España. (1 punto); b) Identifique

los tipos de documentos y describa la información presentada en las figuras 1 y 2. **(1 punto)**; c) Comente la figura 2, analizando su posible localización, los elementos naturales y/o humanos y características de este espacio relacionándolas con el tipo de actividad dominante. **(1,5 puntos)**; d) Explique brevemente los principales problemas que presenta la actividad económica dominante en el paisaje de la figura 2. **(1,5 puntos)**.

PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico:

Atendiendo ás figuras 3 e 4, conteste: a) A partir da información da figura 3, indique o nome das catro cuencas hidrográficas citadas. **(1 punto)**; b) Identifique os tipos de documentos e información presentada nas figuras 3 e 4 **(1 punto)**; c) Explique a paisaxe natural da figura 4, atendendo a clima e vexetación. **(1,5 puntos)**; d) Indique a área litolóxica á que pertence a figura 4 e as formas de modelado propias da mesma. **(1,5 puntos)**.

Atendiendo a las figuras 3 y 4, conteste: a) A partir de la información de la figura 3, indique el nombre de las cuatro cuencas hidrográficas citadas. **(1 punto)**; b) Identifique los tipos de documentos e información presentada en las figuras 3 y 4. **(1 punto)**; c) Explique el paisaje natural de la figura 4, atendiendo a clima y vegetación. **(1,5 puntos)**; d) Indique el área litológica a la que pertenece la figura 4 y las formas de modelado propias de la misma. **(1 punto)**.




Figura 3. Fonte: Ministerio do Medio Ambiente de España.



Figura 4. Vista aérea da Alcarria. Fonte: Atlas Nacional de España.

ABAU 2023
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
XEOGRAFÍA
(Cód. 35)

PREGUNTA 1. Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia. (5 puntos, 0,5 puntos por definición)

1. Agricultura ecolóxica: sistema para cultivar unha explotación agrícola, baseada na utilización óptima dos recursos naturais e sen empregar produtos químicos de síntese ou organismos xeneticamente modificados (OXM's) – nin de abono nin para combater as pragas-, logrando deste xeito obter alimentos ecolóxicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio ambiente.

2. Paisaxe: A paisaxe xeográfica é o aspecto visual que ofrece un territorio. Depende dos elementos naturais que o integran e das actividades humanas que se desenvolven nel. De acordo con iso, as paisaxes xeográficas clasifícanse habitualmente en naturais e humanizadas, aínda que a maioría son mixtas.

3. Efecto invernadoiro antrópico: Situación que se da no planeta de xeito natural pero que, nas últimas décadas, acentuouse pola actividade humana. A acumulación de emisións de gases procedentes da queima de combustibles fósiles xera unha capa que, como no teito dun invernadoiro, impide saír ao espazo o calor emitido pola terra e os océanos. Este calor acumúlase e favorece o quecemento global.

4. Ría: Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial, relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes. As Rías Altas e Baixas galegas son bo exemplo disto.

5. Franquía: Cadeas de establecementos pertencentes a empresas xuridicamente distintas ligadas por un contrato no que unha (a franquidora) lles concede a outras (as concesionarias) a licenza para explotar unha marca ou unha fórmula comercial mediante o pagamento dunha cantidade determinada, achegándolle a asistencia, a publicidade, etc.

6. Provincia: Entidade local con personalidade xurídica propia, segundo a Constitución de 1978. Constitúe unha agrupación de municipios que se creou por primeira vez coa división de Javier de Burgos en 1833. Hai 50 provincias na España actual.

7. Balanza comercial: A balanza comercial é o rexistro das importacións e exportacións dun país calquera durante un período e é un dos compoñentes da balanza de pagamentos. O saldo da balanza comercial é a diferenza entre exportacións e

importacións, é dicir, entre o valor dos bens que un país vende ao exterior e o dos que merca a outros países.

8. Materias primas estratéxicas: Materias primas e fontes de enerxía que ben pola amplitude da súa demanda, ben polo carácter focal ou hexemónico da súa oferta, constitúen bens escasos ou xeran dependencia nas economías de terceiros países

9. Aluvión: Depósito de materiais detríticos, transportado e depositado de xeito transitorio ou permanentemente por unha corrente de auga. Habitualmente, está composto por areas, gravas, arxilas ou limos, acumulándose nas canles das correntes, nas chairas inundables e nos deltas.

10. Cunca fluvial ou hidrográfica: É a porción de terro que drena a un colector principal (río ou lago) limitada por unha liña de cumes ou divisoria de augas, liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que adoita coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos.

11. Vexetación clímax: vexetación que se estableceu por si mesma nun determinado lugar, en determinadas condicións climáticas, en ausencia de accións antrópicas por un longo tempo, é dicir, é o estado de equilibrio ou cuasi equilibrio asintótico dun ecosistema local.

12. Aridez: termo que indica sequidade, falta de humidade. O índice de aridez establece a relación entre as chuvias e o poder desecante da evaporación, representada polas temperaturas.

13. Silvicultura: Actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais –susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos- e o desenvolvemento de espazos recreativos.

14. Maquis ou maquia: É un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolias, principalmente arbustivas, que adoita refuxiarse sobre solos silíceos. Os madroños, as xaras, os brezos, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación, de maior porte xeralmente que as garrigas.

15. Estatuto de autonomía: Norma institucional básica de cada Comunidade ou Cidade Autónoma recoñecida pola Constitución de 1978 no seu artigo 147. A súa aprobación lévase a cabo mediante Lei Orgánica, que require o voto da maioría absoluta do Congreso dos Deputados.

PREGUNTA 2. Desenvolva un dos dous temas seguintes

2.1. Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares (da era arcaica ao glacialismo cuaternario). (5 puntos)

O relevo actual da Península é o resultado dunha historia xeolóxica de millóns de anos na que se alternaron fases oroxénicas con outras de calma, nas que predominou a erosión e a sedimentación.

1) Durante a era arcaica ou Precámbrico (4.000-600 millóns de anos) emerxeu do mar unha banda arqueada de noroeste a sueste, formada por lousas e gneis, que comprendía case toda a actual Galicia. Tamén xurdiron elevacións nalgúns puntos illados do Sistema Central e dos Montes de Toledo. Este macizo precámbrico foi arrasado posteriormente pola erosión e cuberto case na súa totalidade polos mares paleozoicos.

2) Na era primaria ou Paleozoico (600-225 millóns de anos) tivo lugar a oroxénese herciniana (ou varisca). Dos mares que cubrían a maior parte da Península xurdiron as cordilleiras hercinianas, formadas por materiais como o granito, lousa e cuarcita. Ao oeste elevouse o Macizo Hespérico, arrasado pola erosión durante a mesma era primaria e convertido en zócalo ou meseta inclinada cara ó Mediterráneo. Ó norleste apareceron os macizos de Aquitania, Catalano-Balear e do Ebro, e ó sueste, o Macizo Bético-Rifeño. Todos eles foron tamén arrasados pola erosión e durante a era primaria convertidos en zócolos.

3) A era secundaria ou Mesozoico (225-68 millóns de anos) foi un período de calma no que predominaron a erosión e a sedimentación. Continuou o aplanamento das cordilleiras hercinianas (ou variscas). A inclinación do zócalo da Meseta cara ó Mediterráneo permitiu, nos períodos de transgresión mariña, unha fonda penetración do mar, que depositou no seu bordo oriental unha cobertura non moi potente de materiais sedimentarios plásticos (calcaria, arenito, marga). Tamén se depositaron enormes espesuras de sedimentos en fosas mariñas situadas nas actuais zonas pirenaica e bética.

4) Durante a era terciaria (68-1,7 millóns de anos) produciuse a oroxénese alpina. Como resultado desta:

- Levantáronse as cordilleiras alpinas, ó pregarse os materiais depositados nas fosas pirenaica e bética entre os macizos antigos, que actuaron como topes. Xurdiron os Pireneos entre os macizos de Aquitania, Hespérico e do Ebro (que acabou afundíndose), e as cordilleiras Béticas, entre os macizos Bético-Rifeño e o Hespérico.

- Formáronse as depresións prealpinas paralelamente ás novas cordilleiras, e entre estas e o macizo antigo: a depresión do Ebro, paralela ós Pireneos, e a do Guadalquivir, paralela ás Béticas.

- A Meseta viuse afectada pola oroxénese alpina. En primeiro lugar pasou a inclinarse cara ó Atlántico, determinando a orientación cara a este océano de boa parte dos ríos

peninsulares. En segundo lugar formáronse os bordos montañosos da Meseta. No seu bordo oriental pregáronse os materiais plásticos depositados polo mar na era secundaria, orixinando a parte oriental da cordilleira Cantábrica e o Sistema Ibérico. No bordo sur da Meseta, o empuxe das cordilleiras Béticas levantou Serra Morena. Por último, o zócolo da Meseta, formado por materiais paleozoicos ríxidos, experimentou fracturas e fallas. Os bloques levantados formaron o Macizo Galaico e as serras interiores da Meseta (Sistema Central e Montes de Toledo). Nesta era tamén orixinouse o conxunto de natureza volcánica das Illas Canarias.

5) Durante a era cuaternaria (1,7 millóns de anos ata a actualidade) producíronse o glaciario e a formación de terrazas fluviais.

- **O glaciario** afectou ás cordilleiras máis altas (Pireneos, cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Sistema Ibérico e Serra Nevada), dando lugar a glaciares de circo e de val. Os glaciares de circo nas cabeceira dos vales e os glaciares de val no val dándolle a forma de “U”.

- **A época glaciario caracterizouse pola formación de terrazas fluviais**, antigos chans de inundación abandonados polo posterior encaixamento fluvial. As terrazas son froito das alternancias climáticas do Cuaternario. Os sucesivos ciclos glaciais e posglaciais do Cuaternario deron lugar a terrazas graduadas. Na Península, as máis características son as formadas polo Douro, o Texo, o Guadiana, o Guadalquivir e o Ebro.

2.2. Transformacións recentes na estrutura das cidades: a) cidade difusa. b) Os cambios no centro urbano (degradación vs rehabilitación). c) Cambios de uso no solo urbano. (5 puntos)

A maior parte das cidades españolas posúen elementos de época distintas: o centro histórico, cos seus monumentos e rúas estreitas e tortuosas; os ensanches, de trazado regular; os arrabaldes, de crecemento desordenado; os desenvolvementos urbanos densos, en edificación aberta; e as novas periferias, cada vez máis dispersas e fragmentadas.

As cidades transfórmanse: crecendo cara ao exterior coa creación de novos espazos residenciais e áreas de actividade económica, e por procesos de reestruturación no seu interior.

Aparecen centros comerciais, parques empresariais ou urbanizacións que se constrúen nas aforas. Prodúcese un proceso de fragmentación do espazo urbano con pezas conectadas entre si por autovías e estradas.

a) Cidade difusa

O modelo de cidade mediterránea, compacta, foise substituíndo polo tipo de cidade difusa de modelo anglosaxón.

A cidade difusa ou dispersa esténdese horizontalmente e está separada en áreas especializadas e monofuncionais: zonas residenciais (diferenciadas por prezos e por grupos sociais), áreas comerciais, zonas de lecer, centros de ensino, universidades, barrios administrativos e de oficinas... Ademais diminúe: o contacto humano, os intercambios e a sociabilidade.

É unha tipoloxía urbana caracterizada pola mestura de usos e de funcións e pola tendencia a ocupar un territorio moi extenso. A aceleración na ocupación do espazo implicou maior mobilidade individual: as viaxes pendulares cotiás (por motivos de traballo, estudo ou lecer) aumentaron en número e distancia.

b) Os cambios no centro urbano (degradación vs rehabilitación)

A partir da segunda metade do século XX, os centros históricos de moitas cidades españolas comezaron a sufrir unha progresiva deterioración e abandono. A maior parte dos que permaneceron eran anciáns con baixos niveis de renda, polo que o centro experimentou un proceso de envellecemento e empobrecemento. Todo isto reflectiuse nunha deterioración urbana, xa que moitas vivendas quedaron baleiras, e noutras non se realizaron as obras necesarias de mantemento e renovación.

Ao mesmo tempo, a actividade económica tamén se foi desprazando cara aos ensanches. O centro histórico só foi capaz de reter algúns centros administrativos e eclesiásticos instalados en edificios monumentais, así como os comercios tradicionais.

Ao longo das últimas décadas, as tendencias anteriores víronse, en parte, compensadas por procesos de revitalización destas zonas debido a:

- **Políticas públicas de conservación e revitalización.** As administracións públicas investiron na rehabilitación dos edificios e a mellora dos espazos públicos. Ademais, deron un novo uso a vellos monumentos, converténdoo, por exemplo, en edificios administrativos ou universitarios, e dinamizando así a vida dos centros históricos.
- **Desenvolvemento do turismo cultural.** Que potenciou a rehabilitación dos centros históricos españois, mediante a restauración de edificios e a peonalización de rúas e prazas. No interior dalgunhas cidades realizáronse importantes operacións urbanísticas, consistentes, por exemplo, en reconverter ás vellas áreas industriais en novos espazos de ocio.
- **Cambio de actitude da poboación local.** Comeza a verse como unha área de oportunidades económicas e un lugar agradable para vivir. Así, os centros dalgunhas cidades están atraendo poboación nova e de maior nivel de renda, o que contribúe a conservar os edificios residenciais.

Subsisten problemas especialmente nalgúns barrios, onde ao envellecemento da poboación e o baixo nivel de renda, se unen a marxinación social e a conformación de áreas cunha forte concentración de inmigrantes, o que dificulta a súa integración no conxunto da sociedade.

c) Cambios no uso do solo urbano

Os usos do solo son as diferentes utilizacións do espazo urbano: comercial e de negocios, residencial, industrial, de equipamento, etc.

Na cidade preindustrial (dende a súa orixe ata mediados do século XIX) o casco antigo era a parte da cidade urbanizada. Ocupaba unha pequena superficie da cidade actual, pero ten un gran valor polo legado cultural que contén. Nesta época os usos do solo eran moi diversos (multifuncionalidade).

A cidade preindustrial sufriu notables modificacións como resultado do proceso de industrialización, que tivo lugar entre mediados do século XIX e a década de 1960. O casco antigo experimentou unha progresiva terciarización e consolidouse como centro comercial e de negocios na cidade. O resultado foi o desprazamento dos usos residenciais e a deterioración dos edificios pola contaminación e o tráfico.

As cidades que nesta época implantaron industrias modernas atraeron unha numerosa poboación campesiña e estendéronse creando ensanches para os burgueses, barrios industriais e obreiros, e barrios axardinados. Produciuse unha división entre unha área residencial cara para a burguesía e as zonas industriais e os barrios marxinais –con escasos servizos e equipamentos- para o proletariado que creceron arredor do ensanche, ao longo das estradas e camiños que partían da cidade ou xunto ás industrias e ás estacións ferroviarias.

Os barrios-xardín debidos ás ideas naturalistas. Tratábase de vivendas destinadas ás clases medias e baixas, se ben co tempo tamén as clases altas demandaron este tipo de espazos. Co posterior crecemento da cidade, estes espazos quedaron situados en zonas relativamente céntricas, o que favoreceu a súa revalorización e o seu cambio de uso por exemplo, gardarías ou clínicas privadas.

Na **década de 1960**, as principais cidades españolas iniciaron un enorme crecemento debido ao incremento natural da poboación e a inmigración e o progresivo desenvolvemento dos servizos. As cidades ampliaron a área edificada e crearon extensas periferias. Estas áreas urbanas chegaron a unirse ás veces cos municipio veciños, constituíndo aglomeracións urbanas.

Na actualidade (**época postindustrial**) algunhas zonas industriais e barrios obreiros quedaron nunha posición céntrica, o que revalorizou o solo que ocupan, dando lugar ao baleirado industrial e aparición de usos terciarios ou residenciais. Pola contra, os espazos menos accesibles e desorganizados mantéñense como espazos marxinais.

Nos últimos anos, as grandes cidades teñen un ritmo de crecemento menor, pero continúan estendéndose no espazo, debido á difusión de parte da súa poboación e da súa actividade económica cara a periferias cada vez máis afastadas. Estas periferias estrutúranse en diferentes áreas: barrios residenciais, áreas industriais e áreas de equipamento:

- **Os barrios residenciais** da periferia responden a diversas tipoloxías e presentan bastante homoxeneidade social derivada do prezo do solo e da distancia ao centro: **barrios marxinais, de vivendas de promoción oficial, polígonos de vivenda de promoción privada, barrios de quinceiro pechado, áreas de vivenda unifamiliar.**

- **As áreas industriais** localízanse xunto ás principais vías de acceso á cidade, buscando a proximidade urbana e solo abundante a prezo alcanzable. Tamén inclúen espazos industriais novos, como parques empresarias e tecnolóxicos, en áreas de gran calidade ambiental; ou polígonos de naves acaroadas destinados a empresas con menos recursos.

- **As áreas de equipamento** son froito da actual descentralización das actividades económicas cara á periferia urbana: grandes superficies comerciais, centros escolares, sanitarios e administrativos e outros servizos.

PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico:

Atendendo ás figura 1 e 2:

a) Identifique na figura 1 as Comunidades Autónomas ás que pertencen as provincias cunha porcentaxe de estranxeiros superior ao 16%. (1 punto);

- Andalucía
- Baleares
- Cataluña
- Comunidade Valenciana
- Madrid

b) Indique os tipos de documento das figuras 1 e 2 e analice a información recollida neles (1 punto);

A figura 1 é un mapa de puntos proporcionais con división administrativa provincial que representa a porcentaxe de poboación estranxeira sobre o total en 2015. A fonte do mapa é o IGN (Instituto Xeográfico Nacional).

A figura 2 representa dúas pirámides de poboación con datos do INE, correspondentes aos anos 1960 e 2020. Trátase de gráficas de estrutura demográfica por sexo e idade - en grupos quinquenais.

c) Explique de forma razoada as diferenzas na estrutura demográfica á que responde cada pirámide representada na figura 2. (1,5 puntos)

A pirámide de España en 1960 corresponde a un modelo de pirámide progresiva, cunha base ancha e ampliándose por mor dunha taxa de natalidade elevada, na época de eclosión do baby boom do segundo franquismo -cando unha política pronatalista, con forte influencia do credo católico imperante, fomentou a existencia de familias numerosas-, e na época da transición demográfica -caracterizada por un forte crecemento vexetativo. Nese período, a fecundidade era ben elevada, superando con moito a taxa de reposición de 2,1 fillos por muller. A esperanza de vida, ben menor ca en tempos actuais, denota un maior avellentamento feminino -característica que se mantén en tempos presentes. A pirámide estreítase de xeito significativo no grupo de 20 a 24 anos, correspondente aos non nacidos na guerra civil, e amosa poucos varóns no grupo de 40 a 44 anos, debido ás mortes causadas polo conflito bélico, especialmente en soldados novos; tamén neste grupo de idade as mulleres devecen.

A pirámide do ano 2020 é un modelo de pirámide regresiva, propia do novo réxime demográfico. A taxa de fecundidade descendeu, situándose por debaixo da taxa de reposición -o que repercute nunha taxa de natalidade baixa, tamén característica dunha sociedade laica que practica o control de natalidade e se deixa influenciar por postulados

neomalthusianos, e a perda de importancia da poboación nova no conxunto total. A idade media da poboación aumentou e a esperanza de vida tamén, como consecuencia de vivirmos nunha sociedade na que a sanidade se perfecciona.

d) Xustifique as consecuencias do modelo demográfico da pirámide máis recente. (1,5 puntos).

A pirámide de poboación de 2020, claramente regresiva, ten unha serie de consecuencias para o futuro demográfico do Estado:

a) A moso unha maior duración da vida da maior parte das persoas. Trátase dunha sociedade que goza de experiencia e pode valerse dela para solucionar problemas. Mais tamén se pode tornar máis conservadora e xerontocrática, cun certo risco de estancamento na xestión política e na innovación. A necesidade de atender ás necesidades dunha poboación cada vez máis avellentada incide na necesidade de servizos sociais centrados na atención sanitaria.

b) Un menor número de nacementos esixe reemprazar a poboación activa do tecido produtivo mediante inmigración, de non ser posible o reemprazo xeracional na actividade económica. Tamén pode repercutir nunha mellora da ratio educativa e nunha formación máis personalizada da xente nova.

c) O avellentamento demográfico, cun peso moi significativo da poboación xubilada no total, pode conlevar dificultades de mantemento do sistema de pensións ou a necesidade de reforma do mesmo, alongando a idade de xubilación de cara a proveer de retribucións a unha xeración, a do baby boom dos anos 1960, que engrosará en breve o cumio da pirámide.

PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico

Atendendo ás figuras 3 e 4:

a) Localice as provincias numeradas do 1 ao 4 (figura 4), indicando cales están en alta e cales están en baixa presión. (1 punto);

1. Valladolid: baixa presión.
2. Albacete: baixa presión.
3. Granada: baixa presión.
4. As Palmas: alta presión.

b) Identifique os tipos de documento e analice a información presentada nas figuras 3 e 4. (1 punto)

A figura 3 é un mapa meteorolóxico en superficie ou mapa do tempo, é dicir, un mapa que representa o estado da atmosfera en superficie nun territorio (neste caso abrangue a Península Ibérica e todo o espazo xeográfico que a rodea) nun momento determinado

(8 de febreiro de 2007) mediante isóbaras ou liñas que unen os puntos coa mesma presión atmosférica.

Neste mapa aparecen representados os centros de acción (anticiclóns e borrascas) e outras figuras isobáricas como as fronte (frías, cálidas, ocluídas), o que permite predicir o tipo de tempo esperando nas diferentes áreas xeográficas en función da súa evolución tendo en conta os principais factores que condicionan a circulación atmosférica.

A fonte é a axencia estatal de meteoroloxía (AEMET).

A figura 4 é un mapa mudo de España (península e arquipélagos) cunha división administrativa provincial. A fonte é de elaboración propia.

c) Indique as masas de aire e ventos dominantes no noroeste peninsular. (1 punto);

En función da localización dos centros de acción e como circula o aire no hemisferio norte, seguindo ás agullas do reloxo, a masa de aire que afecta ao noroeste peninsular segundo a situación sinóptica que recolle o mapa é a masa de aire polar marítima. Esta masa de aire procede do Atlántico norte e caracterízase por unha temperatura fría e unha elevada humidade relativa. Ademais, temos que ter en conta que estamos no inverno (mes de febreiro).

En canto ao vento dominante nesta área é o vento do oeste. As borrascas que se xeran no Océano Atlántico nestas latitudes circulan de oeste a leste (efecto coriolis) e o vento xira nelas cara o interior en sentido contrario ás agullas do reloxo seguindo as liñas isobáricas. Estas borrascas están dirixidas pola Circulación Xeral Atmosférica en altura, dando lugar a unha circulación predominante do Oeste, con sucesivas borrascas que forman a Fronte Polar

A proximidade das liñas isóbaras indica a velocidade do vento, canto mais próximas aparecen maior é a velocidade do vento. No caso de Galicia, na metade do Oeste peninsular, a diferenza de presión entre os 1004 e 1008 mb iso favorece unha menor forza do vento que diminúe cara ao Sur de Galicia.

d) Explique a previsión meteorolóxica que cabe esperar nas comunidades de Galicia e de Canarias, significando as diferenzas de temperatura, humidade e precipitación (1 punto).

Galicia estará afectada polo paso de fronte asociadas ás borrascas de procedencia atlántica. Galicia será polo tanto barrida por áreas frontais que circulan de oeste a leste e que deixan chuvias, as familias de borrascas da Fronte Polar. Tamén é frecuente a aparición de DANAS. A temperatura será baixa (mes de febreiro e aire impulsado polos centros de acción de latitudes setentrionais), a humidade alta (aire procedente do océano) e as precipitacións abundantes ao paso das sucesivas fronte. A primeira fronte cálida está a chegar, seguida dunha fronte fría, representada en azul.

Por outra banda, o arquipélago das Canarias atópase nunha situación de estabilidade atmosférica ao estar baixo a influencia de un centro de altas presións (anticiclón das

Azores) situado ao oeste do arquipélago. Os ventos alisios son frouxos (escaso gradiente de presión) e a humidade afecta máis ao norte das illas (efecto foehn) ao soplar do norte ao sur nas illas occidentais e do oeste ou noroeste nas illas máis orientais. A súa temperatura é máis suave que en Galicia xa que as masas de aire proceden de latitudes máis meridionais, son masas tropicais marítimas caracterizadas pola súa cálida temperatura e alta humidade. Un tipo de tempo estable.

e) Xustifique por que este tipo de tempo e a chegada de fronteas é tan frecuente na Península Ibérica. (1 punto).

Este tipo de tempo, coñecido como adveccións do oeste ou tren de borrascas, é bastante habitual na Península Ibérica a medida que finaliza o verán e o “jet-stream” (e as altas presións que se sitúan ao sur desta corrente) comeza a descender en latitude (balanceo estacional da Circulación Xeral Atmosférica) e dende o outono permite que as borrascas que se xeran no Atlántico barran a Península Ibérica de oeste a leste, chegando máis debilitadas á parte oriental, tras descargar chuvias no oeste e centro peninsular. Esta dinámica pode verse alterada pola disposición do relevo que pode actuar como pantalla para todas estas masas de aire, que transforman as súas características a medida que percorren a península modificando as súas condicións térmicas e de humidade.

Esta situación é moi habitual dende outono ata primavera, se a “Corrente en Chorro” circula con traxectoria zonal. Se por contra, a “Corrente en Chorro” circula con traxectoria meridional, a situación dependerá de que zona da Península quede na parte interna da dorsal (tempo anticiclónico e máis estable) ou na parte interna da vaguada (tempo máis inestable ao permitir o paso das fronteas) que marca o “jet-stream” ao separar as masas de aire polar e as baixas presións (ao norte) das masas de aire tropical e as altas presións (ao sur).

O efecto Coriolis tamén é moi importante xa que é o responsable de que nestas latitudes (celda de Ferrel ou célula de latitude media -entre os 30º e os 60º nos que se atopa a Península Ibérica) o vento que vai das altas presións subtropicais cara as baixas presións polares as empuxe do oeste ao leste.

Aos factores dinámicos hálles que sumar os factores xeográficos que transforman os modelos atmosféricos e se traducen en grandes variedades climáticas que podemos atopar na Península Ibérica.



Geografía: mapas, gráficos y desarrollo bien organizados.

selectividad.academy - 623 769 002

ABAU 2023

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

XEOGRAFÍA

(Cód. 35)

PREGUNTA 1. Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia. (5 puntos, 0,5 puntos por definición)

1. Isohieta: isoliña imaxinaria que une puntos con iguais valores de precipitacións, nun mapa no que se expresen cantidades de precipitación recibida por áreas. Utilízase sobre todo nos mapas climáticos.

2. Área metropolitana: Rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome a área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades-dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado.

3. Laurisilva: É un bosque nuboso subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e sen xeadas, con grandes árbores, que en España se dá nas illas Canarias, máis concretamente nas vertentes setentrionais das illas occidentais de maior elevación, alí onde o “mar de nubes” –determinado pola afluencia dos alisios- permite o seu crecemento.

4. Municipio: Entidade administrativa de carácter local e división territorial que constitúe o nivel básico da organización do Estado español. O seu goberno e administración corresponden ao concello.

5. Avesedo: É unha zona que, pola súa orientación, está sempre en sombra. Nas montañas é a vertente do val exposta á sombra e oposta á solaina. As súas temperaturas máis baixas adoitan traducirse en diferenzas de vexetación, sendo os bosques máis amplos. En España é a orientada ao norte.

6. Agricultura ecolóxica: sistema para cultivar unha explotación agrícola, baseada na utilización óptima dos recursos naturais e sen empregar produtos químicos de síntese ou organismos xeneticamente modificados (OXM's) – nin de abono nin para combater as pragas-, logrando deste xeito obter alimentos ecolóxicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio ambiente.

7. Inversión térmica: incremento da temperatura do aire ao aumentar a altura, cando debera de diminuír segundo o gradiente adiabático normal. O aire máis cálido atópase sobre o máis frío. A nivel do solo, é resultado da irradiación nocturna con aire en calma e ceo despexado nunha situación anticiclónica invernal ou nun val.

8. Parque tecnolóxico : Instalación industrial que persigue a promoción da cultura e a innovación, así como a competitividade das súas empresas estimulando e xestionando a transferencia tecnolóxica e de coñecementos entre universidades, empresas e

mercados, xunto con outras institución de I+D. Facilitan a creación e crecemento de compañías innovadoras e ofrecen servizos de valor engadido, ademais de espazos e instalacións de alta calidade.

9. Tectónica de placas: Teoría que explicou a deriva continental e outros fenómenos. A superficie exterior da Terra consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas. Estas transportan os continentes e os solos oceánicos, están en constante movemento e son a causa de moita actividade xeolóxica (formación de montañas, volcáns e terremotos). As placas sofren tres tipos básicos de movementos: sepáranse, converxen e deslízanse.

10. Acuicultura: É o conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico ou no medio no que habitan os peixes, permiten controlar a súa reprodución e/ou crecemento. É moi significativa en Galicia, e está restrinxida a un pequeno abano de especies, principalmente peixes, moluscos e crustáceos, en función da súa importancia económica e do desenvolvemento dunha tecnoloxía axeitada e limitada espacialmente á beiramar ou ás augas continentais.

11. Aluvión: Depósito de materiais detríticos, transportado e depositado de xeito transitorio ou permanentemente por unha corrente de auga. Habitualmente, está composto por areas, gravas, arxilas ou limos, acumulándose nas canles das correntes, nas chairas inundables e nos deltas.

12. Denominación de orixe: Certificación de calidade que se outorga a produtos dun determinado territorio do que toman o seu nome, que asegura certas características comúns que todos deben cumprir. Resulta cada vez máis frecuente en produtos agrarios (viños, aceites, carnes, legumes, queixos, doces, etc.). Un consello regulador autoriza a exhibir o distintivo aos produtores da zona que cumpren os parámetros esixidos.

13. Ría: Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial, relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes. As Rías Altas e Baixas galegas son bo exemplo disto.

14. Movementsos antiglobalización: Corrente de protesta mundial que inclúe a ducias de grupos de diferentes países que teñen en común o seu rexeitamento ao capitalismo e ao modelo neoliberal. Nestes movementos danse cita colectivos que inclúen sindicatos, intelectuais de esquerda, ecoloxistas, indixenistas ou grupos desfavorecidos que acusan ao sistema económico de amoral e inxusto.

15. Subcontratación: A subcontratación, outsourcing ou tercerización é o proceso económico no que unha empresa move ou destina os recursos orientados a cumprir certas tarefas cara a unha empresa externa por medio dun contrato. Por exemplo, unha compañía dedicada ás demolicións pode subcontratar a unha empresa dedicada á evacuación de residuos para a tarefa de desfacerse dos escombros das unidades demolidas.

PREGUNTA 2. Desenvolva un dos dous temas seguintes

2.1. Repercusións ambientais da acción humana. a) Contaminación. b) Quecemento global. c) Pegada ecolóxica. (5 puntos)

Na actualidade, moitas actividades humanas levan consigo grandes e graves consecuencias non desexadas, especialmente sobre o medio: a contaminación e o quecemento global quizais sexan dúas das máis preocupantes, por esta razón ás veces é necesario realizar avaliacións de impacto ambiental.

A contaminación é unha das maiores e máis negativas consecuencias ambientais e sociais que teñen as actividades humanas. Supón a introdución, nun medio calquera, dunha substancia en cantidade abonda como para provocar algún dano ou desequilibrio, irreversible ou non, e que pode ser prexudicial para a saúde, para a seguridade ou o benestar da poboación ou para a vida vexetal ou animal.

A contaminación clasifícase segundo os medios aos que afecta:

- Contaminación atmosférica. Os principais contaminantes (en especial o dióxido de carbono) proceden de procesos de combustión en actividades de transporte, industrias, xeración de enerxía eléctrica e calefacción doméstica, así como da evaporación de disolventes orgánicos e das emisións de gases, que orixinaron un buraco na capa de ozono.
- Contaminación da auga. Xeralmente a contaminación de ríos, mares e augas subterráneas provén de verteduras e refugallos industriais (con presenza de metais e de augas con elevada temperatura) así como de augas residuais non tratadas procedentes do saneamento de vilas e cidades.
- Contaminación do solo. Aparece logo da aplicación de insecticidas, por filtracións ou roturas de canalizacións de augas residuais e produtos industriais.

A contaminación tamén se pode clasificar en función do método contaminante ambiental. Así, podemos distinguir entre:

- Contaminación química. Significa a introdución de substancias potencialmente perigosas para a saúde e para o ámbito da terra, nos alimentos, no aire ou na auga.
- Contaminación radioactiva. Derivada da dispersión de materiais radioactivos, como o uranio enriquecido, usados en instalacións médicas ou de investigación, en reactores nucleares de centrais enerxéticas, en probas atómicas.
- Contaminación acústica. É a contaminación debida ao ruído, ao son excesivo ou molesto provocado polas fábricas, os medios de transporte ou certas actividades de lecer.

- Contaminación térmica. Ten lugar no momento en que un proceso vén modificar a temperatura do medio de forma prexudicial, por exemplo debido á vertedura de auga quente nun río: o incremento da temperatura diminúe a solubilidade do osíxeno na auga, polo que pode provocar unha gran mortalidade de peixes.
- Contaminación electromagnética. É a producida a partir das radiacións xeradas por equipos electrónicos e por instalacións eléctricas.
- Contaminación luminosa. Refírese ao resplandor de luz difundido no ceo nocturno e producido pola luz artificial procedente das cidades, dos vehículos e doutras infraestruturas.
- Contaminación visual. Prodúcese cando a abundancia, a desorde ou o tipo de elementos que se achan na paisaxe deterioran a súa estética.

O **quecemento global** é o aumento da temperatura media da Terra desde que temos rexistros de temperaturas (metade do século XIX). Este aumento sitúase, para este século, entre os 0,3 a 1,7°C, ata os 2,6 a 4,8°C, dependendo dos escenarios previstos. Para os científicos é “extremadamente probable que a influencia humana teña sido a causa dominante do quecemento observado desde a metade do século XX”.

Falaríamos dun cambio climático motivado pola influencia humana e a intensidade das accións que producen o incremento da emisión de gases de efecto invernadoiro como dióxido de carbono, metano e outros. Os efectos do quecemento poden provocar subida do nivel do mar, cambios nas precipitacións e expansión dos desertos. Outros efectos probables inclúen fenómenos meteorolóxicos extremos máis frecuentes coma vagas de calor, secas, e chuvias torrenciais.

Entre os principais causantes do quecemento global cabe citar o efecto invernadoiro: A enerxía solar quenta o solo terrestre, que devolve unha parte (un 37,5%) desa enerxía ao espazo exterior mentres que o resto é retido polos gases das capas superiores da atmosfera, producindo o seu quecemento. É o que se chama efecto invernadoiro xa que funciona igual que os cristais dun invernadoiro de xardinaría pero esta vez desenvolvéndose de forma natural: de aí o nome e o paralelismo.

O preocupante é que nos últimos tempos a proporción dos gases que provocan este efecto (CO₂, metano, entre outros) se elevou enormemente de xeito que impide que saia ao espazo exterior parte da enerxía que emite a superficie da Terra. Como consecuencia, elévase a temperatura da atmosfera, empezando así un proceso de quecemento global e de cambio climático antropoxénico.

O aumento global da temperatura ten un efecto directo nos océanos. Desde o ano 1960 a temperatura media dos océanos aumentou 0,1°C, pero as augas do océano Antártico fixérono en 0,2°C. Iso, unido ao aumento da temperatura do aire, fai que se provoque o desxeo de grandes placas xeadas nas zonas ártica e antártica, así como tamén o retroceso e desaparición, nalgúns casos, dos glaciares terrestres.

A chamada **pegada ecolóxica** é un indicador de sustentabilidade que resume, para cada individuo, cal é a área necesaria para producir os recursos que utiliza e para asimilar os refugallos que xera. O seu obxectivo consiste en avaliar o impacto sobre o planeta nun determinado modo de vida.

A biocapacidade do planeta por cada habitante estimouse en 1,8 ha, ou o que é o mesmo, se tivésemos que repartir o terreo produtivo da Terra en partes iguais, a cada un dos 7.000 millóns de habitantes, corresponderíanlles 1,8 ha para satisfacer todas as súas necesidades durante un ano. Malia o anterior, cada ser humano está gastando a cantidade de 2,23 ha, polo que, a nivel global, se consomen máis recursos e se xeran máis refugallos dos que o planeta pode xerar e admitir.

2.2. Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Dinámicas demográficas actuais: a) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación. b) Movementsos migratorios (1990 á actualidade)”. (5 puntos)

España conta na actualidade con cerca de 47 millóns de habitantes, que se reparten polo territorio de forma desigual. O interior atópase debilmente poboado, mentres que as áreas costeiras presentan unhas elevadas densidades de poboación. Ao mesmo tempo obsérvanse fortes contrastes entre as cidades e o medio rural: cada vez máis poboación habita nas cidades e, porén, no medio rural existen espazos practicamente deshabitados.

Os cambios recentes da poboación española están moi influídos polas migracións internacionais. España foi tradicionalmente un país de emigración; no pasado, numerosos españois emigraron a distintos países do mundo, sobre todo de América Latina e do resto de Europa. Nas últimas décadas as tendencias cambiaron, descendendo o número de españois que emigran e aumentando o número de estranxeiros que veñen ao noso país. Aínda que este saldo positivo foi freado e invertido pola recente crise económica.

a) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación

A evolución conxunta da natalidade e mortalidade determina o crecemento natural ou vexetativo, é dicir, a evolución que tería a súa poboación se non existisen as migracións exteriores. Este crecemento é desigual no espazo (segundo municipios, provincias e comunidades autónomas), e variou intensamente no tempo como consecuencia do desigual descenso das curvas de natalidade e mortalidade. En conxunto, España está hoxe en pleno réxime demográfico moderno, con taxas de natalidade baixas e de mortalidade estabilizadas -aínda que con tendencia a medrar por mor do envellecemento demográfico. As taxas de fecundidade son baixas, e non aseguran a taxa de reposición xeracional, de 2,1 fillos por muller.

A taxa de crecemento natural para o conxunto de España, actualmente é moi baixa, pois durante os últimos anos se situou por debaixo do 2‰, o que implica que a poboación se

mantería estable se non se producisen migracións exteriores. Pero este dato encerra diferenzas espaciais, pois hai áreas con crecementos elevados, mentres que outras teñen valores negativos.

- Os pequenos municipios rurais, sobre todo na metade norte, teñen unha poboación moi envellecida por efecto da emigración, e presentan un crecemento natural negativo, xa que a mortalidade é elevada e a natalidade moi baixa.

- Os municipios rurais de maior tamaño, situados predominantemente na metade sur presentan unha dinámica natural lixeiramente positiva, xa que foron capaces de reter unha maior cantidade de poboación nova.

- Os municipios urbanos e turísticos teñen dinámicas positivas, xa que contan cunha poboación máis nova, debido aos recentes procesos de inmigración.

- Os crecementos máis altos danse nos municipios que rodean as grandes cidades onde se asenta poboación moi nova, polo que o número de nacementos é alto en relación coa poboación total.

Por isto, as comunidades autónomas con maiores taxas de crecemento natural son: Murcia, Madrid, Andalucía, Cataluña, as dúas comunidades insulares, a Comunidade Valenciana, Navarra e as cidades de Ceuta e Melilla. En xeral, presentan unha estrutura demográfica relativamente máis nova, causada por un comportamento tradicional máis natalista (Andalucía, Murcia e as cidades de Ceuta e Melilla), por ser foco de inmigración interna en épocas pasadas (Madrid, Cataluña, Comunidade Valenciana, Baleares) ou por recibir unha forte inmigración estranxeira desde a década de 1990 (todas elas).

Pola contra, as comunidades autónomas con crecemento natural negativo son aquelas que teñen unha poboación máis envellecida, sobre todo Asturias, Galicia e Castela e León. Estas comunidades presentan unha estrutura demográfica fortemente envellecida, por sufrir unha intensa emigración en épocas pasadas (Galicia e as comunidades do interior peninsular); pola prolongada incidencia da crise industrial de 1975 (rexións de antiga tradición industrial da cornixa cantábrica), e por contar na actualidade con menor inmigración.

b) Movements migratorios (1990 á actualidade)

A dinámica da poboación non depende só da relación entre nacementos e defuncións (crecemento natural), senón tamén da mobilidade da poboación ou saldo migratorio. As causas das migracións son diversas e as súas consecuencias, complexas.

Os movementos migratorios españois adoitan clasificarse en migracións transoceánicas históricas, ata mediados do século XX, cuxo principal punto de destino foron diversos países de América Latina, e migracións modernas, desde finais da década de 1950, que presentaron unha dobre vertente: as migracións interiores campo-ciudad e as migracións exteriores, cara aos países industriais de Europa Central e Occidental.

Dentro das migracións interiores debemos apuntar como se deu un cambio importante, pois pasouse dun dominio das migracións interprovinciais cara os espazos cun maior desenvolvemento dentro do Estado, ás actuais, nas que priman os movementos intraprovinciais vencellados á desconcentración residencial dende as áreas metropolitanas cara as súas periferias.

Tras a entrada de España na Unión e a superación da crise económica da primeira metade dos anos oitenta do século XX, o país comezou a converterse en destino dos fluxos migratorios internacionais. En 1985, España só contaba cuns 250.000 residentes estranxeiros, o que supoñía un 0,6% da poboación total. Na actualidade, esta cifra supera xa os 5,2 millóns, representando o 11,3% da súa poboación. O desenvolvemento económico desta época transformou España dun país tradicionalmente emigrante nun país receptor de inmigración. Esta inmigración pódese agrupar en catro grandes conxuntos:

- Persoas xubiladas procedentes de Europa Central e do Norte. Son xente que se asenta definitivamente en España, sobre todo na costa mediterránea, atraída por un clima suave e un medio agradable rodeado de bos servizos. Este tipo de poboación, que aumentou de forma notable a comezos do século XXI, non atopa ningunha dificultade para a súa instalación no noso país.

- Directivos de empresas multinacionais, traballadores de alto nivel profesional, xentes do mundo artístico e da cultura. Este grupo de poboación está formado por persoas que proceden na súa maioría da Unión Europea. Veñen a España por cuestións laborais ou porque atopan mellor calidade de vida. Neste colectivo inclúense altos cargos directivos, técnicos, deportistas, estudantes, etc.

- Refuxiados políticos. Son persoas que por motivos políticos tiveron que fuxir do seu país. Tamén se inclúe neste grupo os que abandonaron o seu lugar de orixe por conflitos armados, violencia xeneralizada ou por razóns de seguridade persoal.

- Inmigrantes procedentes de países pobres. Este é o grupo máis numeroso da inmigración que chega a España na actualidade. Está formado principalmente por homes, mulleres e nenos procedentes de diversos países de África, América Latina, Leste de Europa e Asia, que veñen na procura de traballo e dunhas condicións de vida máis dignas.

A Unión Europea e España levan a cabo un proceso de regulación para controlar a entrada destes inmigrantes, que atopan moitas dificultades e limitacións para obter o permiso de inmigración e de traballo. Estas persoas poden entrar non país como turistas ou a través das mafias ou redes clandestinas de transporte de inmigrantes. Viaxan en pateras ou caiucos, ou agochados en camións co risco que iso implica para as súas vidas.

Aínda que, como vemos, os inmigrantes proveñen de moi distintos países, certas nacionalidades están máis representadas en función da proximidade xeográfica e dos lazos históricos e culturais. Así, a maior parte dos inmigrantes procede agora de América Latina, norte de África e Europa. Entre os primeiros destacan os ecuatorianos,

colombianos, bolivianos e peruanos; entre os segundos predominan os marroquís; e entre os terceiros, os máis numerosos son agora os romaneses, seguidos de británicos, búlgaros, alemáns e italianos. Tamén existe un importante colectivo de chineses

Sen embargo, dende o 2010 a inmigración freouse como consecuencia da crise económica. A falta de emprego provocou que viñesen menos estranxeiros e que moitos inmigrantes regresasen aos seus países de orixe (retornos). Polo mesmo motivo, aumentou a emigración de españois (sobre todo, de persoas novas cualificadas) a outros países en busca de traballo. Como resultado, o saldo migratorio en España foi negativo en 2013 (-256.849 persoas) e responsable da perda de poboación no noso país. Malia a isto, parece intuírse un novo cambio de tendencia, pois os últimos datos dispoñibles (2017) marcan de novo un saldo migratorio positivo de algo máis de 50.000 persoas, aínda que entre os españois a emigración segue a dominar sobre os retornos (-13.000 persoas no primeiro semestre de 2017).

PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico:

Atendendo ás figuras 1 e 2:

a) Cite as cinco Comunidades Autónomas peninsulares que teñen áreas turísticas de alta densidade e nomee cinco tipos de turismo que teñen importancia en España (figura 1). (1 punto);

As cinco Comunidades Autónomas peninsulares son: Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana, Madrid e Murcia

Os cinco tipos de turismo: Turismo de sol e praia, turismo de montaña, turismo ecolóxico, turismo rural e turismo urbano ou cultural.

b) Identifique os tipos de documento e describa a información presentada nas figuras 1 e 2 (1 punto);

A figura 1 é un mapa de España con división administrativa de Comunidades autónomas que recolle mediante diferentes cores áreas turísticas con distinta densidade de ocupación (alta, media, baixa e zonas non turísticas), así como localiza e identifica algúns importantes centros turísticos costeiros e as principais cidades históricas do interior.

A figura 2 é unha imaxe panorámica da localidade de Calpe situada na costa Branca da provincia de Alicante. A fotografía está tomada dende un punto elevado (Peñón de Ifach) e permite observar distintos elementos naturais e humanos que conforman a paisaxe.

c) Comente a figura 2, analizando a súa posible localización, os elementos naturais e/ou humanos e características deste espazo relacionándoas co tipo de actividade dominante. (1,5 puntos);

Este tipo de paisaxe está relacionada co denominado turismo de sol e praia e é típico do litoral mediterráneo. Estes núcleos turísticos presentan, como podemos apreciar na imaxe, un elevado número de aloxamentos ao longo da liña de costa (fundamentalmente

das praias), diminuíndoo con rapidez cara ao interior (é significativo o descenso de alturas das construcións cando se alonxan da liña de costa).

A forte demanda e a carestía do solo resólvese con construcións de elevada altura que xeran fortes densidades e que substituíron aos antigos núcleos rurais ou pesqueiros para poder albergar a un importante número de turistas (hoteis, restaurantes, comercios...).

Moitos edificios de apartamentos e urbanizacións que aparecen na fotografía se corresponden con segundas residencias e con importantes operacións inmobiliarias que inclúen equipamentos destinados a atraer turistas, como por exemplo o porto deportivo que podemos apreciar en primeiro plano.

d) Explique brevemente os principais problemas que presenta a actividade económica dominante na paisaxe da figura 2 (1,5 puntos).

É unha actividade afectada por certa inestabilidade asociada á evolución da economía internacional. A chegada de turistas aumenta en períodos de crecemento económico pero vese freada en fases de crise ou en momentos de inseguridade internacional.

Está suxeita a unha forte estacionalidade. Existe unha gran demanda nos meses de xullo e agosto, pero diminúe bastante o resto do ano.

Esta concentración nos meses do verán supón unha diminución na creación de emprego estable e prodúcese unha insuficiencia de certos servizos nos períodos de máxima afluencia de turistas (verán).

A crecente competencia deste tipo de turismo vai demandar fortes inversións en mellorar a calidade da oferta e evitar problemas de saturación.

Como pode observarse na imaxe, produce unha intensa ocupación da liña de costa pola alta densidade de urbanizacións, hoteles e apartamentos turísticos.

Modifica a dinámica litoral pola proliferación de espigóns, peiraos e diques en portos deportivos como vemos na primeira parte da imaxe, e tamén xera barreiras arquitectónicas que poden xerar efectos de erosión moi negativos nos areais.

Xéranse frecuentes conflitos polo uso do solo e da auga con outras actividades (agrarias, industriais, etc.), así como problemas de contaminación mariña por un insuficiente tratamento das verteduras que acaban afectando ao mar Mediterráneo.

Destrúe paisaxes singulares e as substitúe por outras banais e estandarizadas que resultan moi parecidas aínda que estean en lugares afastados.

PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico

Atendendo ás figuras 3 e 4:

a) A partir da información da figura 3, indique o nome das catro cuncas hidrográficas citadas. (1 punto)

- 1: Cunca hidrográfica do Douro.
- 2: Cunca hidrográfica do Texo.
- 3: Cunca hidrográfica do Ebro.
- 4: Cunca hidrográfica do Guadiana.

b) Identifique os tipos de documento e información presentada nas figuras 3 e 4. (1 punto)

A figura 3 corresponde a un **mapa corocromático**, coa rede hidrográfica principal da Península Ibérica, publicado polo Ministerio do Medio Ambiente de España. Nel reflíctense as áreas de disposición do relevo de **páramos e mesas**, concentrados na submeseta Norte e Sur, xunto coa depresión do Ebro.

A figura 4 corresponde a unha **fotografía aérea dunha paisaxe natural** da comarca da Alcarria, pertencente á provincia de Guadalajara.

c) Explique a paisaxe natural da figura 4, atendendo a clima e vexetación. (1,5 puntos)

A figura 4 é unha imaxe aérea dos páramos da Alcarria, en Guadalajara. Trátase dunha área de clima mediterráneo interior ou continental, con escasas precipitacións anuais (inferiores aos 600 mm. anuais) e fortes contrastes entre invernos frescos e veráns calorosos, como consecuencia da alternancia estacional da circulación xeral atmosférica. En inverno, a prevalencia de anticiclóns instalados no interior peninsular ou en Europa central, proporcionan días de tempo seco e soleado, sen apenas precipitacións. Os anticiclóns actúan como bloqueo ao paso de fronteas. Cando as fronteas chegan do Norte ou do Oeste poden producir precipitacións de neve en terreos elevados. Por contra, a influencia do anticiclón das Azores en verán, xunto coas relativas invasións de aire africano, proporcionan sequidade e aridez nos meses centrais do estío, con temperaturas elevadas. Os climas mediterráneos de interior, predominantes na península ibérica, son, polo tanto, contrastados estacionalmente, e secos en conxunto.

A vexetación, rala e arbustiva, adáptase á sequidade. Nos altos das superficies máis venteadas apenas existe. As condicións de escasa humidade favorecen a presenza de maquis sobre solos silíceos e garrigas sobre solos calcarios. Alí onde a xerofilia é maior, a vexetación é rala e moi escasa. No fondo dos vales, a carón dos ríos, unha vexetación higrófila prevalece, con importante presenza de bosques de ribeira que medran como unha cinta arredor de cursos de auga que teñen forte estiaxe.

d) Indique a área litolóxica á que pertence a figura 4 e as formas de modelado propias da mesma. (1,5 puntos).

A paisaxe de páramos e mesas do interior peninsular, como resultado dunha erosión diferencial sobre materiais sedimentarios de pouca resistencia, ofrece relevos planos e con alternancia de capas que foron depositadas ao longo da era mesozoica. A era secundaria, de calma xeolóxica, ofreceu a ocasión idónea para a deposición de materiais sedimentarios no fondo do antigo mar de Thetys, que se elevaron como consecuencia da oroxenia alpina.

Nas cuncas sedimentarias da submeseta Norte, submeseta Sur e depresión do Ebro, a erosión foi desmantelando pouco a pouco as rochas brandas e deixou en resalte os estratos calcarios, máis duros, que destacan sobre o fondo dos vales fluviais, nos que predominan materiais máis brandos. As pendentes das áreas de contacto entre as superficies horizontais dos páramos e o fondo dos vales fluviais son consecuencia do desgaste destas superficies, nas que o retroceso das mesmas indica unha concentración da erosión por parte dos axentes principais: auga e vento.



Calcula tu nota en selectividad.academy/calculadora-selectividad

Herramienta gratuita



Selectividad Academy

Tu academia de selectividad online

● Mejor academia online de selectividad

Prueba sin compromiso

Primera clase gratis. Sin permanencia. Sin letra pequeña.

- ✓ Profesores especialistas en cada asignatura
- ✓ Clases adaptadas a tu nivel y tus objetivos
- ✓ Todos los exámenes oficiales resueltos paso a paso
- ✓ Calculadora de nota y guía completa en la web

623 769 002

Escríbenos por WhatsApp

www.selectividad.academy

→ Calcula tu nota en selectividad.academy/calculadora-selectividad

→ Guía completa en selectividad.academy/guia-selectividad

→ ¿Tienes dudas? Escríbenos sin compromiso